



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de tratorista-condutor para a realización de tarefas de limpeza, mantemento e conservación dos lugares públicos do concello durante o período de incapacidade do titular.

Modalidade: contrato laboral temporal de duración determinada por substitución de funcións (interinidade).

Prazo de duración: durante a baixa laboral por incapacidade temporal do seu titular e ata a súa reincorporación

Xornada laboral: completa

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias, dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo do mesmo.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe de admitidos e excluídos no proceso:

Listaxe de admitidos no proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) praza de tratorista-condutor para a realización de tarefas de limpeza, mantemento e conservación dos lugares públicos do concello durante o período de incapacidade do titular.

APELIDOS E NOME	DNI
ARES DA TORRE, RAQUEL	***7716**
VEIRAS MOSQUERA, JAVIER	***0781**

2. Establecer a composición do tribunal:

Presidente: María Belén García Otero, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: O titular da secretaría-intervención do Concello de Oza-Cesuras ou persoal funcionario en quen delegue.

Dous Vogais:

- Luis López Gundián, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- Jose Varela Lata, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplente: María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

3. O tribunal seleccionador deberá constituirse no día de hoxe ás 13:30 horas ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorarán os servizos laborais prestados como





Concello de Oza-Cesuras

tratorista-condutor para a realización de tarefas de limpeza, mantemento e conservación de conformidade coa documentación que achegaron os solicitantes ao presentar a solicitude de admisión á convocatoria.

En Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s.

O ALCALDE,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Dou fe,

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

